

# 1 - A PREHISTORIA:

- Definición: longo período de tempo que se inicia ca especie humana, fai 5 millóns anos ata a actualidade.

## 1.1 - Os primeiros humanos:

- O ser humano sufriu unha longa evolución (estudalo polo libro de texto páx. 148-149)

## 1.2 - O Paleolítico (5 millóns de anos ata 10.000 a.C.)

- Significa “Pedra vella”. Os utensilios atopados eran de pedra tallada.
- **Formas de vida:**
  - Eran **depredadores**. **Vivían da caza pesca e recolección de froitos (cazadores –colleiteiros)**
  - Eran **nómades** (trasládábanse dun lugar a outro seguindo as manadas e en busca de novos froitos).
  - Vivían en covas ou abrigos, e tamén en tendas de peles.
  - Foi moi importante o descubrimento e o dominio do lume fai medio millón de anos (prender o lume).
- **Utensilios:**
  - **Pedra tallada**, traballada a golpes, de croios, seixos ou sílex (bifaces, coitelos, puntas de lanza e frecha, raspadeiras, ...)
  - Máis tarde ósos dos animais ou cornos para anzois, arpóns, agullas, ...
- **Arte e relixión:**
  - Celebraban **cerimonias rituais**, para pedir pola caza e abundancia de froitos.
  - Fai 200.000 anos, o home de Neandertal realizaba **enterramentos** con enxoval funerario (instrumentos, armas, adornos), con ritos funerarios que indican a preocupación polo que acontecía despois da morte ou mostra de afecto polo difunto.
- Atopáronse restos de dous tipos de arte:
- **Arte mobiliario:** Esculturas e gravados sobre pedra:
  - Bastóns de mando
  - Venus Paleolíticas (figuras femininas para culto á fecundidade)
- **Pinturas rupestres:** Pinturas illadas e realistas realizadas nas paredes das covas e dos abrigos que tiñan un sentido máxico (p.e. Favorecer a caza).
  - Tamén as covas con pinturas eran como santuarios para as cerimonias.
  - Destacan as covas de Altamira (Cantabria) e Lascaux (Francia).
  - Pintan nas zonas máis profundas das covas.

- Son animais de clima frío (renos, bisontes, mamuts...)
- Son polícromas (de varias cores)
- Non hai figuras humanas, só siluetas de mans.
- Destacan as covas de Altamira e Tito Bustillo en Cantabria.

### 1.3 - Neolítico (10.000 – 7.000 a.C.)

- Significa pedra nova. Os utensilios atopados eran de pedra pulida.
- Prodúcese o descubrimento da **agricultura e gandería** (“Revolución Neolítica”) nun Oriente Próximo nun lugar coñecido como “Crecente fértil”.
- **Formas de vida:**
  - Viven da agricultura e gandería
  - Fanse **sedentarios** (viven sempre no mesmo sitio) en cabanas de forma circular ou rectangular construídas con adobe (barro e palla secada ó sol).
  - Constitúen aldeas autosuficientes.
- **Novos utensilios e novas técnicas:**
  - Comezan a utilizar a **pedra pulida**.
  - Novos trebellos necesarios para a agricultura (aixada, fouce, machadas, muíños, ...)
  - Aparecen novas actividades domésticas: cerámica, cestería e tecido.
- **Difusión do Neolítico:** O neolítico difúndese a Europa a través do Mediterráneo e polo curso dos grandes ríos de Centroeuropa.
- **Arte:** escenas da vida diaria ou rituais en torno ó culto á fertilidade.
  - Figuras esquemáticas e monocromas (de 1 soa cor).
  - Pintan en abrigos e covas pouco profundas.
  - Son animais de clima cálido (avellas, cervos...) e figuras humanas.
  - Destacan as de Lleida e Valencia.

### 1.4 - A Idade dos Metais (7.000 – 5000 a.C. en diante)

- A **metalurxia** (traballo no metal) iniciouse no Oriente Próximo traballando o **cobre**. Despois obtiveron o **bronce** (alixe de cobre e estaño) e por último o **ferro** (siderurxia).
- **Técnicas que utilizaban:**
  - Inicialmente a golpes co martelo
  - Despois aplicando a **forxa** (calor antes dos golpes)
  - E por último aplicando o proceso de **fundición** (fundir o metal a altas temperaturas e darlle forma desexada en moldes)
- **Consecuencias do uso dos metais:**

- Coa aparición dos trebellos de metal, moi solicitados para a agricultura, xurdiron os **primeiros artesáns (especialistas)**.
- Acentuáronse as **desigualdades** pola acumulación de riquezas ( apareceron os xefes e caudillos que baseaban o seu poder na posesión das armas).
- **Aumentou a produción agrícola e tamén a poboación** ( xurdiron as primeiras cidades).
- Cos excedentes (sobrantes) da produción apareceu o **comercio** favorecido pola **navegación** e o uso de carros despois do descubrimento da **roda**.

- **Arte:**

- xorden as construcións feitas con grandes bloques de pedra chamadas monumentos megalíticos. Existen diversos tipos:

- **MENHIR:** Pedra vertical sobre o chan.
- **ALIÑAMENTO:** Varios menhires aliñados.
- **DOLMEN:** Enterramento construído con varias lousas verticais en círculo e con outra gran lousa de cuberta. En Galicia reciben o nome de mámoas. Ex: dolmen de Axeitos.
- **CROMLECH:** Grandes pedras verticais en círculo. Ex.: Cromlech de Stonehenge.
- En Galicia os petroglifos:
  - Son debuxos gravados sobre rochas ó aire libre.
  - Concéntranse nas Rías e vales fluviais de Pontevedra.

### **Lembrede:**

- Tendes que estudar polo libro:
  - O proceso de hominización.
  - As ilustracións das ferramentas do paleolítico e do neolítico.
- Axudarvos das ilustracións do tema para estudar os apuntes.